


Luz d'Os Eoas

Este traballo poético escribí unicamente con el objeto de demostrar que nuestro antigo cuanto ilustre verbo gallego es no sólo capaz de los más muelles y blandos acentos, sinó también de los más arduos y arriscados y propios de mayores empeños”, di ao lector o autor d'Os Eoas, Eduardo Pondal. Por fin!, podemos os lectores ler, non sen certo atraso -duns breves cento vinte anos-, ese traballo poético que con tan nobre fin compuxo o noso bardo. Traballo poético que edita, na editorial Sotelo Blanco, e coa meticulosidade que o caracteriza, o profesor Manuel Ferreiro, (re)descubridor do texto extraviado, e ao que antecede un estudo introdutorio no que nos ilustra sobre a súa historia, a súa fortuna editorial e os criterios con que fixo esta edición.

Ademais, nesta ocasión, a Real Academia Galega, posuidora dos dereitos desta primeira edición como depositaria dos textos, tivo a ben encargar, ao mesmo tempo que a edición do poema, un libro con dous estudos sobre el: un da autoría do profesor Xosé Ramón Pena (“Os Eoas e a procura dunha epopea fundacional”) e outro do tamén profesor Manuel Forcadela (“Dos acuáticos eremos”)

E por que esa demora na publicación (que case parece paralela ao tempo que o bardo tardou en darlle remate, nada menos que sesenta nos)? Non quería Pondal que se publicase, perdérase o texto ou, como Méndez Ferrín dixo hai vinte anos,



A (re) descuberta dun clásico

 XOSÉ FEIXÓ

estaba “secuestrado” na Academia? Porque, en realidade, que *Os Eoas* existisen, ou que nalgún momento existisen, era algo en que poucos -como Ferrín, Pena, Amado Ricón e Forcadela-, que moitos cualificaron de “tolos”, crían, e tamén era algo que, outros pouquiños, sabían ou souberon con absoluta certeza, como que viron cos seus propios ollos a versión definitiva: esa mesma que, por fin!, coñecemos agora.

A verdade é que, para achegarnos á historia da orixe e non-publicación d'Os Eoas, dos seus alicerces ideolóxicos (españolismo, galeguismo, iberismo, liberalismo e cristianismo) e da

TEN DE HABER UN
ANTES E UN DESPOIS,
LOGO DE QUE,
FINALMENTE, “OS
EOAS” DESEN CHEGADO
ONDE TODOS NÓS

“galeguización” de Colón, nada mellor que mergullarnos no excelente traballo de Xosé Ramón Pena, quen vai debullando, gran a gran, esta espiga tanto tempo agochada no canizo, e achegándonos, ademais, conclusións que, sen dúbida, abren, á súa vez, novas portas, preguntas e reflexións acerca do quefacer de Pondal e do propio Rexionalismo –ou parte del- no que militou.

E así podemos afirmar que por fin apareceron *Os Eoas*, os fillos do Sol, tantos anos agochados nunha noite escura, interminable e inxusta. Agora hai que interpetalos (e a iso contribúe o traballo intenso e profundo de Manuel Forcadela) con sentido, con xustiza, con dignidade; hai que tratar de entender o seu valor máis aló dos prexuízos, do aparente anacronismo, do baleiro sufrido sen este referente en que o poeta da raza fixo a Colón galego para maior gloria dos seus; e cómpre tamén, partindo dos traballos de Ferreiro, Pena e Forcadela, ir remoendo todos os datos e contribucións para chegar a unha interpretación honrada e cabal, á par que xeneralizada, destas 285 oitavas e aínda para revisarmos o auténtico papel que Pondal desempeña no noso sistema literario. Porque, de certo, logo desta publicación, cabe pensar que as augas xa non poden permanecer máis tempo estancadas. Haberá un antes e un despois, logo de que *Os Eoas* xa viron a luz.

E, en fin, cumprirá tamén unha edición divulgativa capaz de chegar a un maior número de persoas, cousa que Pondal merece.

PONDAL, Eduardo, *Os Eoas* (ed. Manuel Ferreiro), Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2005, áxinas e PENA, Xosé Ramón e FORCADELA, Manuel, *Estudios sobre Os Eoas*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2005, 310 páxinas